

Marie-Sophie Germain (París, 1776-1831)



Fixo importantes contribucións á teoría da elasticidade e á teoría de números (números primos de Sophie Germain).

Inicia os seus estudos de Matemáticas aos 13 anos, coa oposición dos seus pais que pensaban que o estudio das Matemáticas era unha actividade «para homes».

Consegue apuntamentos das clases da Escola Politécnica de París, unha escola que non admitía mulleres. Interésase especialmente nas ensinanzas de Lagrange e, baixo o pseudónimo de «Sr. Le Blanc», envíalle varios artigos. Lagrange convértese no seu mentor.

Posteriormente descubriu os libros de Gauss. Tamén, baixo o mesmo pseudónimo, se carteou con Gauss.

En 1816, despois de gañar o concurso sobre *Fundamentos matemáticos das vibracións nas superficies elásticas* convértese na primeira muller que asiste ás sesións da Academia Francesa das Ciencias.